

acordos de usar e tirar?



os acordos hai que respectalos

TEMOS DIGNIDADE!

16 DE DECEMBRO

FOLGA NA SANIDADE

S.A.E

INDICATO DE AUXILIARES DE ENFERMERÍA



S A U D E

Como xa saberedes o próximo mércores 16 de decembro, **CIG-Saúde** xunto co SAE temos convocada unha xornada de folga. Esta decisión non a tomamos á lixeira posto que sabemos que a folga é un arma preciosa que sómente debemos utilizar cando se esgotan o resto de recursos. Foron moitas as horas que adicamos a debater esta posibilidade analizando pros e contras, pero ó final chegamos á conclusión de que se esta afrenta da administración non xustificaba unha folga nada a xustificaría, hai organizaciois que noutras comunidades teñen

convocadas folgas polo tema de carreira profesional no mes de xaneiro, se ese tema por sí solo xustifica as folgas noutros lares, como non se vai xustificar no SERGAS pola suspensión de acordos que non solo afectan á carreira profesional senon tamém ós acordos asinados durante estes anos e que nos deixan co cu ó aire nun ataque ó persoal do SERGAS sen precedentes.

A FOLGA do día 16 non é ó final das mobilizacións, é o inicio dunha campaña sen límite de tempo na que polo menos dende **CIG-Saúde** non regatearemos forzas para que se nos devolva o que se nos quitou e era noso, estamos dispostos a seguir adiante coa a loita se fai falta o resto da lexislatura, nós non empezamos esta guerra, senon os piratas que nos malgovernan, pero unha vez dentro dela estamos dispostos a queimar as naves.

Queremos que os acordos asinados servan para algo e non para que o primeiro politiquiño que chegue os rache como se non pasara nada; esta é unha **FOLGA pola dignidade**, porque é mellor morrer de pé, que vivir sempre de xeonllos.

Folla informativa 

OS ACORDOS HAI QUE RESPECTALOS

TEMOS DIGNIDADE!

16 DE DECEMBRO

FOLGA NA SANIDADE

FOLGA O DÍA 16; POR QUÉ?

POLO RESPECTO DOS ACORDOS ASINADOS

Desde o 14 de outubro a CIG-SAÚDE ven demandando do SERGAS o cumprimento íntegro dos acordos asinados. A Admón non tiña ningunha intención, dende o principio de chegar a acordos coas organizacións sindicais, só pretendía someternos á súa chantaxe.

POR COHERENCIA

A CIG-SAÚDE fíxolle chegar á Admón unha proposta de acta que garantizaba o cumprimento dos acordos, o Sergas sen embargo pretendía que asinásemos unha acta de compromiso (matrimonial, civil, relixioso..), que nos convertéramos en NOTARIAS/OS da Admón. O que pretende a Admón que fagamos as organizacións sindicais é:

- Que enganásenos ás/aos traballadoras/es, convencéndoos de que teñen que renunciar ás súas retribucións.
- Que lle garantíramos que esta Admón vai cumprir o seu calendario. Se agora xa non cumpre o publicado no DOG.!
- Que as organizacións sindicais sexamos dóciles, converténdonos na voz da Admón e non nos representantes das/os traballadoras/es.

POR DIGNIDADE

Porque non podemos consentir que a Admón sanitaria difunda perante a opinión pública unhas mensaxes co único obxectivo de desprestixiar as/os traballadores como preludio das medidas que van tomar na nosa contra.

Non sexas cómplice na campaña de desprestixio que pretenden facer da sanidade pública e das/os seus traballadoras/es.

CONCENTRACIÓN DE DELEGADOS

Ademáis o mesmo mércores 16 haberá unha concentración de delegados e delegadas en Santiago de Compostela, e máis concretamente, diante do Parlamento de Galiza para protestar precisamente polas decisións en materia retributiva do Partido Popular, para amosar o noso rexeitamento ás políticas restrictivas deste goberno, para solicitar o cumprimento dos acordos asinados e rexeitar a perda do poder adquisitivo.

Mércores 16 de decembro, folga na sanidade

Luns, 14 Decembro 2009 12:28

POLO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS. NON A PERDA DO PODER ADQUISITIVO

O GOBERNO DO ESTADO ACORDA CÓS SINDICATOS ESTATAIS UNHA SUBA DO 0,3%, E O GOBERNO DA XUNTA, ASEMADE, SUSPENDE OS ACORDOS RETRIBUTIVOS SECTORIAIS COMPROMETIDOS COAS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS.

Os proxectos de orzamentos para 2010, tanto da Xunta coma do Estado, contemplan un incremento retributivo para as empregadas e empregados públicos dun insignificante 0,3%, pretendendo que sexamos a clase traballadora quen pague o prezo dunha crise provocada pola voracidade capitalista dos poderes económicos, amparado nas políticas neoliberais imperantes.

Debemos ter en conta que gran parte de empregadas e empregados públicos teñen uns salarios inferiores a 1000 euros/mes, nun cenario de continua perda de poder adquisitivo, xa que os incrementos salariais de anos anteriores foron inferiores ao IPC.

Tanto a calidade como a condición de público no emprego está a ser limitada pola constante diminución do mesmo, como consecuencias das limitacións das taxas de reposición de efectivos (desta volta dun 15%).

Aínda por riba o goberno do PP na Xunta copia os incrementos dos Orzamentos do Estado (tendo facultades para melloralos) e suspende acordos sectoriais comprometidos e asinados cós sindicatos, nos que se contemplan melloras retributivas para os vindeiros anos (cousa que non fixo o goberno do estado).

Dende a CIG reivindicamos:

- Incremento salarial igual á media da suba dos convenios colectivos do ano anterior.
- Plan de recuperación do poder adquisitivo nos vindeiros anos e cláusula de revisión salarial.
- Reposición, como mínimo, do 100% das baixas producidas no ano anterior.
- Mantemento dos acordos retributivos comprometidos para os vindeiros anos, nos ámbitos respectivos.

Por todo isto as Federacións da Área Pública da CIG convocamos unha concentración de Delegadas e Delegados para o vindeiro mércores, día 16 de Decembro, ás 11,30 hs., diante do Parlamento de Galiza, baixo o lema:

POLO CUMPRIMENTO DOS ACORDOS. NON A PERDA DO PODER ADQUISITIVO



Mércores 16 de decembro, folga na sanidade

Luns, 14 Decembro 2009 12:28
